

Concello de Xove

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 12 DE XUÑO DE 2012.

Asistentes:**Alcalde-Presidente:**

D. Jose Demetrio Salgueiro Rapa

Vocais:

D^a M^a Dolores Meitín Guerreiro

D. José Manuel González Álvarez

Secretario:

D. Luís M^a Fernández del Olmo

Interventora:

D^a Elena Santos Rey

Ausente:

D^a Ana María Abad López

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dez horas do día doce de xuño de dous mil doce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario, D. Luís María Fernández del Olmo e da Interventora D^a Elena Santos Rey, procedeuse a celebrar a sesión ordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior de 15 de maio de 2012.

Non formulándose ningunha reclamación, queda aprobada por unanimidade a acta da sesión anterior de 15 de maio de 2012.

B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA

B.1) SOLICITUD DE D. ANTONIO PÉREZ GRADAILLE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENCIA DE APERTURA ESTABLECIMENTO DE CARPINTERÍA SITO EN LAVANDEIRAS, 18 XOVE.

Vista solicitude de D. Antonio Pérez Gradaille con DNI 33.302.399-D con domicilio en c/ Lavandeiras, 18 (27870 Xove) de cambio de titularidade de licenza de apertura de establecemento sito en Lavandeiras, 18 (27870 Xove) que en la actualidade figura a nome de D. Manuel Pérez Varela, para que figure como novo titular D. Antonio Pérez Gradaille.

Visto así mesmo que con fecha 3 de xuño de 2000 expedíuse a licenza municipal para apertura de carpintería en Lavandeiras, 18 (Xove).

Vista acta de inspección de actividades do Arquitecto Técnico Municipal que manifesta que:

- *De acordo coa solicitude de cambio de titularidade de licenza de apertura de establecemento para carpintería, e comparecido o técnico que subscribe no establecemento, puido constatar que o local cuio cambio de titularidade de licenza da actividade se pretende, continua coa mesma actividade, para a que no seu día concedeuse a oportuna licenza municipal, a favor do solicitante, reunindo as condicións de solidez e seguridade, para a explotación da mesma, así como o cumprimento da Normativa de Protección contraincendios, coa existencia de extintores en regra e as saídas de evacuación correctas.*
- *Otorgouse licenza municipal inicial a favor de D. Manuel Pérez Varela, para establecemento de carpintería na data 3 de xuño do ano 2000.*
- *Infórmase favorablemente a nova solicitude de cambio de titularidade que se solicita, a favor de Don Antonio Pérez Gradaille.*
- *Na documentación consta a firma de consentimento e transmisión da devandita licenza de actividade, asinado polas dúas partes intervintes.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en votación ordinaria acordase:

1º) Autorizar o cambio de titularidade da licenza de apertura de establecemento de carpintería sita en Lavandeiras, 18 (27870 Xove) para que sexa substituído como titular D. Antonio Pérez Gradaille, previo pago das taxas correspondentes.

2º) Facultar á Alcaldía - Presidencia para a realización de cantos actos, trámites o xestións sexan procedentes para el bo fin dos acordos adoptados.

B.2) SOLICITUD DE D. ANTONIO PÉREZ GRADAILLE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENCIA DE APERTURA ESTABLECEMENTO DE COMERCIO Ó POR MENOR DE COLCHÓNS, MOBLES E SOMIERES SITO C/ LAVANDEIRAS Nº 53.-XOVE.

Vista solicitude de D. Antonio Pérez Gradaille, con DNI: 77.593.318-N con domicilio en Lavandeiras, 53 (27870 Xove) de cambio de titularidade de licenza de apertura de establecemento de Comercio ó por menor de colchóns, mobles e somieres, sito en Lavandeiras, 53 (Xove) que na actualidade figura a nome de D. Manuel Pérez Varela, para que figure como novo titular D. Antonio Pérez Gradaille.

Visto así mesmo que con data 12 de febreiro de 1987 expediuse a licenza municipal para apertura de comercio ó por menor de colchóns, mobles e somieres, sito en Lavandeiras, 53 (Xove).

Vista acta de inspección de actividades do Arquitecto Técnico Municipal que manifesta que:

- *De acordo coa solicitude de cambio de titularidade de licenza de apertura de establecemento para comercio al por menor de colchóns, mobles y somieres, e comparecido o técnico que subscribe no establecemento, puido constatar que o local cuio cambio de titularidade de licenza da actividade se pretende, continua coa mesma actividade, para a que no seu día concedeuse a oportuna licenza municipal, a favor do solicitante, reunindo as condicións de solidez e seguridade, para a explotación da mesma, así como o cumprimento da Normativa de Protección contraincendios, coa existencia de extintores en regra e as saídas de evacuación correctas.*
- *Otorgouse licenza municipal inicial a favor de D. Manuel Pérez Varela, para establecemento de comercio al por menor de colchóns, mobles y somieres na data 12 de febreiro do ano 1987.*
- *Infórmase favorablemente a nova solicitude de cambio de titularidade que se solicita, a favor de Don Antonio Pérez Gradaille.*
- *Na documentación consta a firma de consentimento e transmisión da devandita licenza de actividade, asinado polas dúas partes intervintes.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en votación ordinaria acordase:

1º) Autorizar o cambio de titularidade da licenza de apertura de establecemento de Comercio ó por menor de colchóns, mobles e somieres, sito en Lavandeiras, 53 (Xove) que en la actualidade figura a nome de D. Manuel Pérez Varela, para que figure como novo titular D. Antonio Pérez Gradaille, previo pago das taxas correspondentes.

2º) Facultar á Alcaldía - Presidencia para a realización de cantos actos, trámites o xestións sexan procedentes para el bo fin dos acordos adoptados.

B.3) SOLICITUD DE MARÍA TERESA GARCÍA SAN ISIDRO DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENCIA DE APERTURA ESTABLECEMENTO MAPFRE MUTUALIDAD SITO AVDA. DEPUTACIÓN Nº 30 BAIXO.-XOVE.

Vista solicitude de Dª María Teresa García san Isidro con DNI.-33.992.479C con domicilio en Acceso Grupo Escolar, 2 2º D (27870 Xove), de cambio de titularidade de licenza de apertura do establecemento sito en Avda. Deputación, 30 baixo (27870 Xove) que en la actualidade figura a nome de D. Juan Manuel Casal Piñeiro para que figure como nova titular Dª María Teresa García San Isidro.

Visto así mesmo que con fecha 09 de xullo de 2007, expediuse a licenza municipal para apertura de establecemento MAPFRE.

Vista acta de inspección de actividades do Arquitecto Técnico Municipal que manifesta que

- De acordo coa solicitude de cambio de titularidade de licenza de apertura de establecemento para **oficina de seguros**, e comparecido o técnico que subscribe no

establecemento, puido constatar que o local cuio cambio de titularidade de licenza da actividade se pretende, continua coa mesma actividade, para a que no seu día concedeuse a oportuna licenza municipal, a favor do solicitante, reunindo as condicións de solidez e seguridade, para a explotación da mesma, así como o cumprimento da Normativa de Protección contraincendios, coa existencia de extintores en regra e as saídas de evacuación correctas.

- Otorgouse licenza municipal inicial a favor de MAPFRE Mutualidad representada por D. Juan Manuel Casal Piñeiro, para establecemento de oficina de seguros na data 9 de xullo do ano 2007.
- Infórmase favorablemente a nova solicitude de cambio de titularidade que se solicita, a favor de D^a María Teresa García San Isidro.
- Na documentación consta a firma de consentimento e transmisión da devandita licenza de actividade, asinado polas dúas partes intervintes.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en votación ordinaria acordase:

1º) Autorizar o cambio de titularidade da licenza de apertura de establecemento de MAPFRE Mutualidad sita en Avda. Deputación, 30 baixo (27870 Xove) para que sexa substituído como titular M^a Teresa García San Isidro, previo pago das taxas correspondentes.

2º) Facultar á Alcaldía - Presidencia para a realización de cantos actos, trámites o xestións sexan procedentes para el bo fin dos acordos adoptados.

C) CONTAS E FACTURAS

C.1) INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DE SERVIZO DA ALCALDÍA CORRESPONDENTES Ó MES DE MAIO DE 2012.

Por tres votos a favor e coa abstención do interesado, procédese á aprobación das indemnizacións por razón de servizo da Alcaldía, correspondentes ó mes de maio de 2012, por importe de 337,01€.

D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL

D.1) EXPEDIENTE PRORROGADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2012 DE SUBVENCIÓN A MARIÑALIM S.L.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo empresario e para o traballador, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó amparo do Plan de Emprego para o ano 2012 e de conformidade coas bases que o regulan como prórroga de 2011 para o empresario e co traballador que se relaciona seguidamente:

Empresa	Enderezo	Traballador/a	Enderezo
Mariñalim S.L. CIF B27322676	A Parrella, 11 2º d 27850 Covas Viveiro	María del Mar Paleo Martinez	Acc. Apeadero, 20 3º A (27870 Xove)
		Manuela Cociña Quelle	Aldea de Abaixo, 14 (27878 Morás)

2º) A subvención que se concede réxese polas bases aprobadas por este Concello, en sesión de 11 de xaneiro de 2007 debendo instar prórroga para o exercicio do 2013 a partir del 31 de decembro de 2012.

3º) Recórdase ó solicitante de axuda que de conformidade coa base 8 das condicións a que se atopan suxeitos os empresarios ó abeiro deste plan “ 8) O abono das nóminas do persoal acollido ó PEM deberá efectuarse necesariamente mediante transferencia bancaria e acreditarase copia da mesma así coma os tc1 e tc2 (documento da Seguridade Social) ante esta entidade para a percepción da axuda concedida á empresa.”

4º) A notificación ó empresario e ó traballador, os efectos oportunos.

D.2) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA.

Vistos o expedientes incoado ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axuda concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

Nome do perceptor	Contratación subvencionada	Períodos	Contía
MariñaLim S.L. A Parrella, 11 2º D Covas 27850 Viveiro	Manuela Cociña Quelle	Set.2010- Dec.2011	2.084,29€
	María del Mar Paleo Martinez		

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

D.3) AXUDA DE GANDERÍA A D. JOSÉ CUADRADO OTERO.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. José Cuadrado Otero con D.N.I. nº 77591.674-R, con domicilio en Penasagudas, 12 (27879 Monte) por morte de un toro de catro anos, por importe de 400€.

D.4) AXUDA DE GANDERÍA A Dª YOLANDA LÓPEZ LÓPEZ.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Dª Yolanda López López, con D.N.I. nº 33994312-J, con domicilio en Loureiro, 2 (27879 Monte) por morte de unha vaca de 4 anos, por importe de 400€.

D.5) AXUDA DE GANDERÍA A Dª MARÍA TERESA PALEO RIVEIRA.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Dª María Teresa Paleo Riveira con D.N.I. nº 77.591.671-K, con domicilio en Vilariño, 5 (27879 Monte) por morte de unha vaca de 8 anos, por importe de 300€.

D.6) AXUDA DE GANDERÍA A Dª MARÍA TERESA PALEO RIVEIRA.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A Dª María Teresa Paleo Riveira con D.N.I. nº 77.591.671-K, con domicilio en Vilariño, 5 (27879 Monte) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120€.

D.7) AXUDA DE GANDERÍA A Dª ANGELIA GONZÁLEZ RODRIGUEZ.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a Angelica González Rodríguez con D.N.I. nº 76.557.678-Q, con domicilio en Labradela, 7 (27878 Rigueira) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120€.

D.8) AXUDA DE GANDERÍA A D^a NATALIA FRA FERNANDEZ .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a Natalia Fra Fernández con D.N.I. nº 77.595.130-F, con domicilio en Parrugueiro, 3 (Veiga 27879 Rigueira) por morte de un xato, por importe de un xato ó nacer, por importe de 120,00€.

D.9) AXUDA DE GANDERÍA A D^a SARA GOMEZ GOMEZ .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a Sara Gomez Gomez con D.N.I. nº 76.563.736-W, con domicilio en Cabo, 8 (27878 Sumoas) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00€.

D.10) AXUDA DE GANDERÍA A D^a SARA GOMEZ GOMEZ .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a Sara Gómez Gómez con D.N.I. nº 76.563.736-W, con domicilio en Cabo, 8 (27878 Sumoas) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00€.

D.11) AXUDA DE GANDERÍA A D^a MONTSERRAT SANCHEZ PIGUEIRAS.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D^a Montserrat Sanchez Pigueiras con D.N.I. nº 76.569.653-P, con domicilio en Gondar, 9 (27879 Monte) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120€.

D.12) AXUDA DE GANDERÍA A “A MARIÑA S.C.”.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A “A Mariña S.C.” con CIF J27391556, con domicilio en Beltrán, 3 (27878 Lago) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120€.

D.13) AXUDA DE GANDERÍA A D. EMILIO VÁZQUEZ LÓPEZ .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Emilio Vázquez López, con D.N.I. nº 76.564.029-L , con domicilio en Gondar, 8 (27879 Monte) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120€.

D.14) AXUDA DE GANDERÍA A D. EMILIO VÁZQUEZ LÓPEZ .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según

as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Emilio Vázquez López con D.N.I. nº 76.564.029-L, con domicilio en Gondar, 8 (27879 Monte) por morte de un xato de 5 días, por importe de 120€.

D.15) AXUDA DE GANDERÍA A D^a MARÍA PURIFICACIÓN VIDAL DÍAZ.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. María Purificación Vidal Díaz, con D.N.I. nº 76.563.155-L, con domicilio en Camba, 8 (27877 Xuances) por morte de unha xata ó nacer, por importe de 120€.

D.16) MODIFICACION DO ACORDO REGULADOR DO PREZO PUBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Por Secretaría dáse conta da proposta de Alcaldía que a seguir se transcribe:

“D. José Demetrio Salgueiro Rapa, Alcalde-Presidente do Concello de Xove, no uso das facultades que me son conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, visto o expediente tramitado para a modificación do Acordo regulador do Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar; formando parte do mesmo a Memoria económico-financeira redactada pola Interventora Municipal; e previo informe emitido pola mesma funcionaria, propón á Xunta de Goberno Local por delegación do Concello Pleno, a MODIFICACIÓN do Acordo Regulador do Prezo Público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar, que quedará redactado como segue:

1.- Modifícase o artigo 4º no seu parágrafo 1º que quedará redactado da seguinte maneira: Artigo 4º.- Terán unha redución do 100% da cuota do prezo os usuarios de libre concorrencia que pertencen a unidades de convivencia cunha renda per cápita inferior ao 80% do IPREM (Indicador público de rendas de efectos múltiples) publicado anualmente.

2.- Modifícase o artigo 6º que quedará redactado da seguinte maneira: Artigo 6º.- Os prezos que se abonen polos usuarios serán o resultado de aplicar ao custo do servizo en función do número de horas que corresponda conceder ao solicitante, a seguinte porcentaxe:

1.- MODALIDADE DE LIBRE CONCORRENCIA

Capacidade económica Ingresos en relación ao IPREM	PREZO
<i>MENOR DE 0.80 IPREM</i>	<i>0% DO CUSTO DO SERVIZO</i>
<i>MAIOR DE 0.80 IPREM E MENOR OU IGUAL A 1.50 IPREM</i>	<i>30% DO CUSTO DO SERVIZO</i>
<i>MAIOR DE 1.50 IPREM E MENOR OU IGUAL A 2 IPREM</i>	<i>50 % DO CUSTO DO SERVIZO</i>
<i>MAIOR DE 2 IPREM E MENOR OU IGUAL A 2.50 IPREM</i>	<i>70 % DO CUSTO DO SERVIZO</i>
<i>MAIOR DE 2.5 IPREM</i>	<i>90 % DO CUSTO DO SERVIZO</i>

2.- MODALIDADE DE ACCESO DIRECTO

	GRADO	GRADO	GRADO	GRADO	GRADO	GRADO
--	--------------	--------------	--------------	--------------	--------------	--------------

	I NIVEL 1	I NIVEL 2	II NIVEL 1	II NIVEL 2	III NIVEL 1	III NIVEL 2
Capacidade económica Ingresos en relación ao IPREM	20 HS	30 HS	40 HS	55 HS	70 HS	90 HS
<= 100% (532,51.-€)	0%	0%	0%	0%	0%	0%
> 100% (532,51.-€) <= 115% (612,38.-€)	4,52%	6,56%	8,59%	11,42%	14,47%	18,09%
> 115% (612,38.-€) <= 125% (665,64.-€)	5,41%	7,84%	10,28%	13,66%	17,31%	21,64%
>125% (665,64.-€) <= 150% (798,76.-€)	5,55%	8,05%	10,54%	14,01%	17,76%	22,19%
>150% (798,76.-€) <= 175% (931,89.-€)	5,65%	8,19%	10,73%	14,26%	18,07%	22,59%
>175% (931,89.-€) <= 200% (1.065,02.-€)	5,72%	8,30%	10,87%	14,45%	18,31%	22,89%
>200% (1.065,02.-€) <= 215% (1.144,89.-€)	5,81%	8,42%	11,03%	14,66%	18,58%	23,23%
>215% (1.144,89.-€) <= 250% (1.331,27.-€)	6,03%	8,75%	11,46%	15,24%	19,31%	24,14%
<250% (1.331,27.-€) <= 300% (1.597,53.-€)	6,24%	9,05%	11,86%	15,76%	19,97%	24,97%
>300% (1.597,53.-€) <= 350% (1.863,78.-€)	6,42%	9,30%	12,19%	16,20%	20,53%	25,66%
>350% (1.863,78.-€) <= 400% (2.130,04.-€)	6,54%	9,48%	12,42%	16,51%	20,93%	26,16%
>400% (2.130,04.-€) <=450%(2.396,30.-€)	6,63%	9,62%	12,60%	16,75%	21,22%	26,53%
>450%(2.130,04.-€) <=500%(2.662,55.-€)	6,70%	9,72%	12,74%	16,93%	21,45%	26,82%
Superior ao 500%(2.662,55.-€)	6,76%	9,80%	12,84%	17,07%	21,63%	27,04%

Para a determinación da renda, estarase ao establecido no artigo 18 do Regulamento do Servizo.

O custo do servizo establécese para o ano 2011 en 13,84 euros/hora e toma como referencia o custe directo de prestación do servizo en réxime de xestión indirecta e os custes indirectos asociados ao mesmo.

O custo do servizo será revisado anualmente no caso de existir variacións do mesmo. Igualmente, a achega dos usuarios será obxecto de actualización segundo a contía anual do IPREM ou indicador que o substitúa.

3.- Modifícase o artigo 7º no seu parágrafo 2º que quedará redactado da seguinte maneira: O ingreso do prezo practicarase preferentemente mediante domiciliación bancaria, se ben se permitirá no seu defecto o ingreso nas contas bancarias de titularidade do Concello.”

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda a modificación transcrita do acordo regulador do público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar así como a publicación do preceptivo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, os efectos de publicidade e executividade do acordo adoptado.

D.17) MODIFICACION DO ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES FORMATIVAS, DE OCIO E TEMPO LIBRE.

Por Secretaría dáse conta da proposta de Alcaldía que a seguir se transcribe:

“D. José Demetrio Salgueiro Rapa, Alcalde-Presidente do Concello de Xove, no uso das facultades que me son conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, visto o expediente tramitado para a modificación do Acordo regulador do Prezo público pola realización de obradoiros de corta e longa duración; formando parte do mesmo a Memoria económico-financeira redactada pola Interventora Municipal; e previo informe emitido pola mesma funcionaria, propón á Xunta de Goberno local por Delegación do Concello Pleno, a derogación de dito acordo e a aprobación dun novo acordo regulador pola realización de actividades formativas, de ocio e tempo libre, que quedará redactado como segue:

ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES FORMATIVAS, DE OCIO E TEMPO LIBRE

I.- CONCEPTO

Artigo 1º.- Este Concello consonte ó autorizado polo artigo 127 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e de acordo co previsto no artigo 41 do citado texto legal, establece o prezo público pola realización de actividades formativas, de ocio e tempo libre destinadas á infancia, xuventude, terceira idade, familias ou calquera outro tipo de usuario, que se regulará polo presente Acordo Regulador.

II. OBRIGADO Ó PAGO

Artigo 2º.- Están obrigados ó pago calquera persoa de natureza física ou xurídica así como as herencias xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición; que se beneficien, asistan ou participen nas distintas actividades que podan realizarse polo Concello no ámbito da formación e do ocio e tempo libre.

III. OBRIGA DE PAGO

Artigo 3º.- Considérase devengada a exacción no momento no que se comenza a prestar a actividade, con independencia de que existise ou non unha previa solicitude de inscrición , sempre que se dea o requisito do beneficio.

IV. TARIFAS

Artigo 4º.- A contía do prezo público regulado no presente Acordo, ven determinado en función das actividades que a continuación se relacionan:

<i>Actividade</i>	<i>Prezo/mes sen IVE</i>	<i>IVE</i>	<i>Prezo total/mes</i>
<i>Ximnasia de mantemento, pilates e aerobic ou outras similares</i>	<i>10,00 €</i>	<i>- €</i>	<i>10,00 € cada actividade</i>

<i>Ioga</i>	15,00 €	- €	15,00 €
<i>Bailes de salón</i>	12,71 €	18% (2,29 €)	15,00 €
<i>Bordado á man</i>	8,47 €	18% (1,53 €)	10,00 €
<i>Encaixe de bolillos</i>	8,47 €	18% (1,53 €)	10,00 €

Os prezos sen IVE poderán variar se como consecuencia dun cambio da normativa do Imposto, variase o tipo de IVE, de tal xeito que o prezo total/mes a aboar polos usuarios se manteña inalterable.

O importe dos prezos así establecidos terá carácter irreducible, salvo nos meses de comenzo e fin das actividades de xeito que o prezo quedará reducido á metade sempre que a actividade se preste por un período inferior a quince días.

Do mesmo xeito, para que a renuncia á realización da actividade dea lugar á anulación da exacción, aquela deberá efectuarse con carácter previo ao comenzo da actividade.

Non procederá a exacción do prezo cando a actividade non se realice, o que sucederá se non se acada un mínimo de 10 usuarios por actividade.

V. EXENCIONS, REDUCCIONS E DEMAIS BENEFICIOS LEGALMENTE APLICABLES

Artículo 5º.- A persoas solicitantes que teñan a condición de minusválido debidamente acreditada ous os xoves que estean en posesión do Carné Xove ou Carné Máis, terán unha redución do 20% do prezo total mensual.

VI. NORMAS DE XESTION

Artigo 6º.- O pago da presente exacción efectuarase mediante padrón para as actividades que teñan carácter periódico. Para actividades que non teñan carácter periódico, realizarase mediante autoliquidación no momento de realizar a pertinente solicitude de inscrición na actividade.

O ingreso do prezo practicarase preferentemente mediante domiciliación bancaria, se ben se permitirá no seu defecto o ingreso nas contas bancarias de titularidade do Concello.

A regulación de todos aqueles aspectos que non teñan relación co prezo público realizarase polo Departamento corresponde (Concellaría de Deportes ou Concellaría de Servizos Sociais, Xuventude e Muller) e exporase ao público para xeral coñecemento, con antelación suficiente ao comezo das actividades.

DISPOSICION FINAL

O presente Acordo regulador entrará en vigor e comezará a aplicarse no momento da súa publicación no BOP, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.”

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda a modificación transcrita do acordo regulador pola realización de actividades formativas, de ocio e tempo libre así como a publicación do preceptivo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, os efectos de publicidade e executividade do acordo adoptado.

D.18) MODIFICACION DO ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL

Por Secretaría dáse conta da proposta de Alcaldía que a seguir se transcribe:

*“D. José Demetrio Salgueiro Rapa, Alcalde-Presidente do Concello de Xove, no uso das facultades que me son conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, visto o expediente tramitado para a modificación do Acordo regulador do Prezo público pola **prestación do servizo de escola de música municipal**; formando parte do mesmo a Memoria económico-financeira redactada pola Interventora Municipal; e previo informe emitido pola mesma funcionaria, **PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL** por delegación do Concello Pleno, a modificación de dito acordo do seguinte xeito:*

1.- Modifícase o artigo 5º, no seu parágrafo primeiro, que quedará redactado da seguinte maneira:

*Artigo 5º.- Establécese unha tarifa única por **curso e alumno** de 50,00 euros, co IVE que puidera corresponder, no seu caso, engadido en dito importe.”*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda a modificación transcrita do acordo regulador de prezo público *pola prestación do servizo de escola de música municipal* así como a publicación do preceptivo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, os efectos de publicidade e executividade do acordo adoptado.

D.19) MODIFICACION DO ACORDO REGULADOR DO PREZO PUBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE XIMNASIA RÍTMICA

Por Secretaría dáse conta da proposta de Alcaldía que a seguir se transcribe:

“D. José Demetrio Salgueiro Rapa, Alcalde-Presidente do Concello de Xove, no uso das facultades que me son conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, visto o expediente tramitado para a modificación do Acordo regulador do Prezo público pola prestación do servizo de ximnasia rítmica; formando parte do mesmo a Memoria económico-financeira redactada pola Interventora Municipal; e previo informe emitido pola mesma funcionaria, PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL por delegación do Concello Pleno, a modificación de dito acordo do seguinte xeito:
1.- Modifícase o artigo 5º, no seu parágrafo primeiro, que quedará redactado da seguinte maneira:

*Artigo 5º.- Establécese unha tarifa única **por curso e alumno** de 50,00 Euros, co IVE que puidera corresponder, no seu caso, engadido en dito importe.”*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda a modificación transcrita do acordo regulador de *Prezo público pola prestación do servizo de ximnasia rítmica* así como a publicación do preceptivo anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, os efectos de publicidade e executividade do acordo adoptado.

D.20) SOLICITUDE DE ASOCIACION CULTURAL SAIÑAS DE SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES 2012.

Visto o escrito presentado pola Asociación Cultural Saiñas, con CIF G-27022870, con domicilio a efectos de notificacións en C/Camiño Real, S/N (Edificio do Concello) 27870 Xove.

Visto que na Base 42 das de Execución do Orzamento municipal para o exercicio 2012 se prevé unha subvención de carácter nominativo ou directo para a devandita asociación/clube por importe de 15.000€.

Visto que a documentación presentada cumpre con todos os requisitos establecidos na Base 43.

Visto o conforme da Interventora municipal acreditando a existencia de crédito na partida 334.489.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) O libramento da axuda de carácter nominativo ou directo prevista nas Bases de Execución do Orzamento Municipal para 2012, a favor da Asociación Cultural Saiñas para o desenvolvemento de actividades durante 2012 e por importe de 15.000€.

2º) De acordo coa Base 44ª das de Execución do Orzamento Municipal para 2012, o libramento en concepto de pagamento anticipado, do 70% do importe da axuda, que ascende a 10.500€ Caso de que o beneficiario non xustifique de xeito debido a subvención concedida, deberá proceder ao reintegro do anticipo abonado, que se considerará ingreso de dereito público, podendo esixirse de ser necesario pola vía de constrinximento, con independencia das responsabilidades a que houbera lugar.

3º) Establecer como obrigas do beneficiario da axuda todas as relacionadas no artigo 7 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove.

4º) Establecer, consonte ao disposto na Base 46º das de Execución do Orzamento Municipal para 2012 o seguinte réxime de xustificación da subvención:

1) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

- 2) Unha relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada (distinguindo entre gasto total e gasto subvencionable) (modelo a facilitar).
- 3) Facturas ou copias cotexadas das mesmas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa (nóminas, TCs, cartas de pagamento oficiais, etc.). As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D. 1496/2003, ademais de estar datadas no período subvencionable.

Deberá aportarse o orixinal que será obxecto de unha estampilla. O estampillado consistirá nunha impresión sobre o documento orixinal da expresión “documento xustificativo da subvención outorgada polo Concello de Xove para ...” . Unha vez estampillada a factura, efectuarase copia cotexada da mesma aos efectos da devolución do documento orixinal ao beneficiario.

Caso de que unha parte da documentación presentada para a xustificación da subvención consista na concesión de premios, ésta deberá ir asinada polo perceptor do premio mailo representante legal da entidade beneficiaria da axuda.

De acordo co artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, considerarase como gasto realizado aquel gasto do que se teña constancia documental sen necesidade de que figure efectivamente pagado no momento da xustificación da subvención. Non obstante, todo beneficiario dunha subvención nominativa do Concello deberá presentar os documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante antes do 20 de decembro do ano correspondente. Entenderase por documento acreditativo de pagamento, extracto ou certificación bancaria de transferencia, salvo que se trate de pagos inferiores a 100 euros no que se admitirá a expresión “pagado” estampillada na factura polo establecemento comercial correspondente. A estes efectos, en ningún caso poderá obter a condición de beneficiario dunha nova subvención municipal aquela asociación que non tivera presentado os xustificantes de pago correspondentes.

- 4) Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, axuda concedida do Concello, outras axudas, etc.)

- 5) No seu caso, un exemplar da documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello no financiamento da actividade subvencionada.

- 6) Certificados acreditativos de non ser debedor á Facenda Estatal, Autonómica, Seguridade Social nin ao Concello de Xove (para axudas de importe igual ou superior a 3000 euros) Para axudas inferiores a 3000 euros presentarse novamente a declaración de non ter débedas pendentes con aqueles organismos.

- 7) Declaración xurada de outras axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados para o mesmo fin (modelo a facilitar)

- 8) Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos e condicións da subvención así cómoda realización da actividade ou proxecto subvencionable e o cumprimento da finalidade para a que aquela foi concedida. (Modelo a facilitar).

- 9) Certificación acreditativa de que o importe do IVE dos gastos en que se incurriu non resulta recuperable por ningún concepto de acordo coa lexislación vixente (modelo a facilitar).

A xustificación das subvencións deberá realizarse antes do 20 de decembro do ano correspondente.

Toda a documentación presentada deberá vir asinada polo representante legal da entidade ou asociación.

D.21) SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN DE MULLERES BOLBORETAS, DE SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES SOCIO-CULTURAIS.

Visto o escrito presentado pola Asociación de Mulleres Bolboretas, con CIF: G27119064, con domicilio a efectos de notificacións no Club Social de Palmeiro (27879 Rigueira).

Visto que na Base 42 das de Execución do Orzamento municipal para o exercicio 2012 se prevé unha subvención de carácter nominativo ou directo para a devandita asociación/clube por importe de 2.000€.

Visto que a documentación presentada cumpre con todos os requisitos establecidos na Base 43.

Visto o conforme da Interventora municipal acreditando a existencia de crédito na partida 231.489.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) O libramento da axuda de carácter nominativo ou directo prevista nas Bases de Execución do Orzamento Municipal para 2012, a favor da Asociación de Mulleres Bolboretas, para o desenvolvemento de cursos de manualidades e formación, e por importe de 2.000€.

2º) De acordo coa Base 44ª das de Execución do Orzamento Municipal para 2012, o libramento en concepto de pagamento anticipado, do 70% do importe da axuda, que ascende a 1.400€ Caso de que o beneficiario non xustifique de xeito debido a subvención concedida, deberá proceder ao reintegro do anticipo abonado, que se considerará ingreso de dereito público, podendo esixirse de ser necesario pola vía de constrinximento, con independencia das responsabilidades a que houbera lugar.

3º) Establecer como obrigas do beneficiario da axuda todas as relacionadas no artigo 7 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove.

4º) Establecer, consonte ao disposto na Base 46º das de Execución do Orzamento Municipal para 2012 o seguinte réxime de xustificación da subvención:

1) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2) Unha relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada (distinguindo entre gasto total e gasto subvencionable) (modelo a facilitar).

3) Facturas ou copias cotexadas das mesmas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa (nóminas, TCs, cartas de pagamento oficiais, etc.). As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D. 1496/2003, ademais de estar datadas no período subvencionable.

Deberá aportarse o orixinal que será obxecto de unha estampilla. O estampillado consistirá nunha impresión sobre o documento orixinal da expresión “documento xustificativo da subvención outorgada polo Concello de Xove para ...” . Unha vez estampillada a factura, efectuarase copia cotexada da mesma aos efectos da devolución do documento orixinal ao beneficiario.

Caso de que unha parte da documentación presentada para a xustificación da subvención consista na concesión de premios, ésta deberá ir asinada polo receptor do premio mailo representante legal da entidade beneficiaria da axuda.

De acordo co artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, considerarase como gasto realizado aquel gasto do que se teña constancia documental sen necesidade de que figure efectivamente pagado no momento da xustificación da subvención. Non obstante, todo beneficiario dunha subvención nominativa do Concello deberá presentar os documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante antes do 20 de decembro do ano correspondente. Entenderase por documento acreditativo de pagamento, extracto ou certificación bancaria de transferencia, salvo que se trate de pagos inferiores a 100 euros no que se admitirá a expresión “pagado” estampillada na factura polo establecemento comercial correspondente. A estes efectos, en ningún caso poderá obter a condición de beneficiario dunha nova subvención municipal aquela asociación que non tivera presentado os xustificantes de pago correspondentes.

4) Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, axuda concedida do Concello, outras axudas, etc.)

- 5) No seu caso, un exemplar da documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello no financiamento da actividade subvencionada.
- 6) Certificados acreditativos de non ser debedor á Facenda Estatal, Autonómica, Seguridade Social nin ao Concello de Xove (para axudas de importe igual ou superior a 3000 euros) Para axudas inferiores a 3000 euros presentárase novamente a declaración de non ter débedas pendentes con aqueles organismos.
- 7) Declaración xurada de outras axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados para o mesmo fin (modelo a facilitar)
- 8) Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos e condicións da subvención así cómoda realización da actividade ou proxecto subvencionable e o cumprimento da finalidade para a que aquela foi concedida. (Modelo a facilitar).
- 9) Certificación acreditativa de que o importe do IVE dos gastos en que se incurriu non resulta recuperable por ningún concepto de acordo coa lexislación vixente (modelo a facilitar).

A xustificación das subvencións deberá realizarse antes do 20 de decembro do ano correspondente.

Toda a documentación presentada deberá vir asinada polo representante legal da entidade ou asociación.

D.22) EXPEDIENTE PRORROGADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2012 DE SUBVENCIÓN A CLICK INFORMÁTICA

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo empresario e para o traballador, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó amparo do Plan de Emprego para o ano 2012 e de conformidade coas bases que o regulan como prórroga de 2011 para o empresario e co traballador que se relaciona seguidamente:

Empresa	Enderezo	Traballador/a	Enderezo
Click Informática	Avda. Deputación, 25 baixo (27870 Xove)	Celia Uría Seijas	Urb. Palmeiro, 34 4º B (27879 Rigueira)

2º) A subvención que se concede réxese polas bases aprobadas por este Concello, en sesión de 11 de xaneiro de 2007 debendo instar prórroga para o exercicio do 2013 a partir del 31 de decembro de 2012.

3º) Recórdase ó solicitante de axuda que de conformidade coa base 8 das condicións a que se atopan suxeitos os empresarios ó abeiro deste plan “ 8) O abono das nóminas do persoal acollido ó PEM deberá efectuarse necesariamente mediante transferencia bancaria e acreditarase copia da mesma así coma os tc1 e tc2 (documento da Seguridade Social) ante esta entidade para a percepción da axuda concedida á empresa.”

4º) A notificación ó empresario e ó traballador, os efectos oportunos.

D.23) EXPEDIENTE PRORROGADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2012 DE SUBVENCIÓN A ARIAS Y CASABELLA S.L.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo empresario e para o traballador, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó amparo do Plan de Emprego para o ano 2012 e de conformidade coas bases que o regulan como prórroga de 2011 para o empresario e co traballador que se relaciona seguidamente:

Empresa	Enderezo	Traballador/a	Enderezo
Arias y Casabella S.L.	Lugar Capilla, SN 27850 Magazos Viveiro	Eliseo Rodríguez González	Camiño Real, 30 P01 (27870 Xove)

2º) A subvención que se concede réxese polas bases aprobadas por este Concello, en sesión de 11 de xaneiro de 2007 debendo instar prórroga para o exercicio do 2013 a partir del 31 de decembro de 2012.

3º) Recórdase ó solicitante de axuda que de conformidade coa base 8 das condicións a que se atopan suxeitos os empresarios ó abeiro deste plan “ 8) O abono das nóminas do persoal acollido ó PEM deberá efectuarse necesariamente mediante transferencia bancaria e acreditarase copia da mesma así coma os tc1 e tc2 (documento da Seguridade Social) ante esta entidade para a percepción da axuda concedida á empresa.”

4º) A notificación ó empresario e ó traballador, os efectos oportunos.

D.24) EXPEDIENTE PRORROGADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2012 DE SUBVENCIÓN A BELEN VALE LOPEZ.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo empresario e para o traballador, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó amparo do Plan de Emprego para o ano 2012 e de conformidade coas bases que o regulan como prórroga de 2011 para o empresario e co traballador que se relaciona seguidamente:

Empresa	Enderezo	Traballador/a	Enderezo
Belén Vale López	Avda. de Ferrol, 1 entrepanta E 27837 Viveiro	Sandra Louzao Salgueiro	Pereiraboa, 52 27877 Xuances

2º) A subvención que se concede réxese polas bases aprobadas por este Concello, en sesión de 11 de xaneiro de 2007 debendo instar prórroga para o exercicio do 2013 a partir del 31 de decembro de 2012.

3º) Recórdase ó solicitante de axuda que de conformidade coa base 8 das condicións a que se atopan suxeitos os empresarios ó abeiro deste plan “ 8) O abono das nóminas do persoal acollido ó PEM deberá efectuarse necesariamente mediante transferencia bancaria e acreditarase copia da mesma así coma os tc1 e tc2 (documento da Seguridade Social) ante esta entidade para a percepción da axuda concedida á empresa.”

4º) A notificación ó empresario e ó traballador, os efectos oportunos.

D.25) EXPEDIENTE PRORROGADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2012 DE SUBVENCIÓN A MARIÑASEC GALICIA S.L.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo empresario e para o traballador, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó amparo do Plan de Emprego para o ano 2012 e de conformidade coas bases que o regulan como prórroga de 2011 para o empresario e co traballador que se relaciona seguidamente:

Empresa	Enderezo	Traballador/a	Enderezo
Mariñasec Galicia S.L.	Tomás Mariño Pardo, local 7 27870 Xove	Antonia Alonso Meitin	Tuimil, 13 27877 Xuances

2º) A subvención que se concede réxese polas bases aprobadas por este Concello, en sesión de 11 de xaneiro de 2007 debendo instar prórroga para o exercicio do 2013 a partir del 31 de decembro de 2012.

3º) Recórdase ó solicitante de axuda que de conformidade coa base 8 das condicións a que se atopan suxeitos os empresarios ó abeiro deste plan “ 8) O abono das nóminas do persoal acollido ó PEM deberá efectuarse necesariamente mediante transferencia bancaria e acreditarase copia da mesma así coma os tc1 e tc2 (documento da Seguridade Social) ante esta entidade para a percepción da axuda concedida á empresa.”

4º) A notificación ó empresario e ó traballador, os efectos oportunos.

D.26) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA.

Vistos o expedientes incoado ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, referida ó exercicio de 2011, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axuda concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

Nome do perceptor	Contratación subvencionada	Períodos	Contía
Click Informática	Avda. Diputación, 25 baixo 27870 Xove	Xan-Dec 2011	550,92€

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

D.27) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA.

Vistos o expedientes incoado ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, referida ó exercicio de 2011, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axuda concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

Nome do perceptor	Contratación subvencionada	Períodos	Contía
Arias y Casabella S.L. Lugar Capilla S/N Magazos 27850 Viveiro	Eliseo Rodriguez González José Ramón López Pena	Agosto/2011 a Xaneiro/2012	451,00€

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

D.28) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA.

Vistos o expedientes incoado ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, referida ó exercicio de 2011, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axuda concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

Nome do perceptor	Contratación subvencionada	Períodos	Contía
Belén Vale López Avda. Ferrol, 1 entreplanta E 27837 Viveiro	Sandra Louzao Salgueiro	Xaneiro –decembro de 2011	1.202,00€

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

D.29) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA.

Vistos o expedientes incoado ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, referida ó exercicio de 2011, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axuda concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

Nome do perceptor	Contratación subvencionada	Períodos	Contía
-------------------	----------------------------	----------	--------

MariñaSec Galicia S.L. C/Tomás Mariño Pardo, Local 7 (27870 Xove) 27870 Xove	Antonia Alonso Meitin	Feb-dec 2011	1.101,83€
---	-----------------------	--------------	-----------

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as dez horas e corenta e cinco minutos, polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fé.

Vº e PR
O ALCALDE,



O SECRETARIO,



Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo. Luís María Fernández del Olmo.

